



MEDIO CENTENAR DE PROFESIONAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA ABORDARON A OBESIDADE NUNHA SESIÓN NO ÁLVARO CUNQUEIRO

- *Persoal médico, enfermaría, farmacéutico e nutricionistas de Atención Primaria xuntáronse para realizar unha abordaxe integral da obesidade, atendendo á prevención, diagnóstico e tratamento desta enfermidade crónica*
- *Trátase dunha epidemia dunha sociedade obeso xénica, cun tipo de vida que xera obesidade, pola súa elevada inxesta calórica e escaso exercicio físico*
- *Hai agora un ano que o Sergas incorporou a 16 nutricionistas aos centros de saúde da Área de Vigo, co obxecto de mellorar os hábitos alimentarios da poboación*

Vigo, 5 de decembro de 2023. Medio centenar de profesionais de Atención Primaria participaron nunha xuntanza interdisciplinar para abordar un tema monográfico, a obesidade.

En concreto, a obesidade como epidemia da nosa sociedade obeso xénica; isto é, unha sociedade cun tipo de vida que xera obesidade, debido a unha elevada inxesta calórica e ao pouco exercicio físico.



Así, médicos, enfermaría, nutricionistas e farmacéuticos do primeiro nivel asistencial reuníronse no Salón de Actos do Álvaro Cunqueiro para realizar unha abordaxe integral da obesidade, atendendo á prevención, diagnóstico e tratamento desta enfermidade.

Os poñentes foron o subdirector de Atención Primaria Victor Quesada; a xefa do servizo do centro de saúde de Lavadores, Carmen Durán; o nutricionista do mesmo centro, Manuel Portela; e o especialista en endocrinoloxía, Javier Riveiro.

Os profesionais amosaron a súa preocupación polo incremento da prevalenza da obesidade, patoloxía que hoxe en día xa é unha enfermidade crónica, que xera moita

comorbilidade como a diabetes, a hipertensión arterial, insuficiencia coronaria, síndrome de apnea do sono, alteracións articulares, etcétera.

Calcúlase que en Galicia a obesidade afecta ao 24,8% da poboación, índice 1 punto superior ao da media española. A obesidade mórbida, que constitúe un grao extremo de exceso de peso, afecta ao 1,6% da poboación.



16 nutricionistas nos centros de saúde da Área

A Consellería de Sanidade desenvolve varias accións, no marco dunha estratexia global, para loitar contra a obesidade. Unha delas foi a incorporación, por primeira vez nun servizo público de saúde, de nutricionistas aos centros de saúde galegos. En concreto, na Área de Vigo incorporáronse 16 nutricionistas hai un ano. Neste tempo, xa levan realizadas 37.000 consultas.

Estes profesionais ofrecen educación nutricional para mellorar a dieta dos pacientes. Atenden de forma prioritaria aos doentes -adultos e pediátricos- con patoloxías crónicas como sobrepeso ou obesidade, diabetes tipo 2, hipertensión arterial ou colesterol alto.

Neste contexto, cabe subliñar o programa pioneiro que se desenvolve no centro de saúde de Lavadores contra a obesidade infantil, "Móvete cos nenos", que ofrece unhas actividades grupais con familias afectadas. Trátase dun programa de intervención nutricional e de actividade física cos menores e os seus pais, ou os adultos responsables da súa alimentación (avós ou titores).

Esta intervención a realiza un equipo multidisciplinar no que participan Nutrición, medicina de familia, pediatría, enfermaría e Fisioterapia. Vai dirixido a menores de



entre 7-12 anos con obesidade, co obxectivo de ensinalles a xerar uns bos hábitos alimentarios adaptados a cada paciente, ás súas familias e ás súas circunstancias.